# BOLETÍN INFORMATIVO

# 2ª Carreira de Orientación Eurocidade Tui-Valença

## VIII Liga AROMON CHEMASPORT 2019
## 8ª Proba

Domingo, 13 de outubro de 2019

**VALENÇA - TUI**

**AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo** C.I.F. G36149714
Praza Curros Enríquez s/n (Edificio Mercantil 2º andar) entrada por Rúa Don Gonzalo – 36002 – Pontevedra
Atención de oficina os mércores, xoves e venres de 21:00 a 22:00 h. Teléfono Oficina.- 609 713 646
Correo- e: escolaori@aromon.es Web: http://www.aromon.es

# Información Xeral

Seguimos coa VIII Edición da Liga AROMON Chema-Sport.

A Liga Local AROMON ChemaSport é unha iniciativa do Club AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo que ten como obxectivo iniciar no deporte da orientación a todo aquel que o desexe.

Esta oitava proba, será o domingo 13 de outubro de 2019, en dúas xornadas: a partir das 10hs en Valença, e a partir das 16hs en Tui.

## Esperámoste!!!

# Programa

Presentamos o programa provisional desta oitava proba, diferenciando entre a proba da mañá (Valença) e a da tarde (Tui):

- ***EUROCIDADE 2019 - VALENÇA (mañá)***
- 10:00 - Recepción de participantes.
- 10:15 - Comezo das charlas técnicas (faremos varias ao longo da mañá)
- 10:30 - Primeiras saídas (existirá horario de saída).
- 12:30 - Últimas saídas (non se poderá tomar a saida despois desta hora).
- 13:30 - Peche de meta.
- 13:45 - Entrega de trofeos (carreira Valença: 3 primeiros postos de Categorías Iniciación e 1º posto Categoría Avanzado)

- ***EUROCIDADE 2019 - TUI (tarde)***
- 16:00 Recepción de participantes.
- 16:15 - Comezo das charlas técnicas (faremos varias ao longo da mañá)
- 16:30 - Primeiras saídas (existirá horario de saída).
- 18:30 - Últimas saídas (non se poderá tomar a saida despois desta hora).
- 19:30 - Peche de meta.
- 19:45 - Entrega de trofeos (carreira Tui: 3 primeiros postos de Categorías Iniciación, 1º posto Categoría Avanzado; e 1º posto (suma Valença + Tui) de tódalas categorías)

# Modalidades e Categorías

A MODALIDADE desta oitava proba será a Orientación a Pé. Os deportistas deberán completar o percorrido sinalado no mapa, que a organización entregará na saída, no menor tempo, sen fallos e coa única axuda dun compás.

CATEGORIAS:

- **Iniciación nenos (individual ou grupo)**, categoría pensada para os nenos cun nivel de esixencia física e técnica baixo. Se son menores de 10 anos, recomendamos que a fagan acompañados dun adulto. Se son de 10 ou máis anos, poden ir en grupo ou sós.
- **Iniciación adultos (individual ou grupo)**, categoría pensada para os adultos (e nenos con experiencia) cun nivel de esixencia físico e técnico medio pero adaptado a persoas adultas.
- **Avanzado (individual)**, categoría pensada para nenos e adultos con experiencia en competición cun nivel de esixencia físico e técnico máis alto (só poderán inscribirse nesta categoría persoas federadas en orientación).

## Percorridos:

| PERCORRIDO (VALENÇA / TUI) | TEMPO ESTIMADO GAÑADOR | Nº CONTROIS | DISTANCIA | DESNIVEL |
|---|---|---|---|---|
| INICIACIÓN NENOS | 35' | INFORMACIÓN PUBLICADA NO 2º BOLETÍN | | |
| INICIACIÓN ADULTOS | 40' | | | |
| AVANZADO | 40' | | | |

**Localidades**: Valença do Minho // Tui

**Escalas:** 1:6000

**Equidistancia:** 5 m

**Descrici· n do terreo:** Terreo urbano no centro das vilas de Valença e Tui, combinando rúas peonís e outras abertas ao tráfico, con multitude de escaleiras, elementos característicos, xardíns e parques. Desnivel moderado.

No mapa de Valença, gran cantidade de entradas e saídas da muralla, na que será preciso unha boa elección de ruta para non penalizar en tempo e distancia.

**AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo** C.I.F. G36149714
Praza Curros Enríquez s/n (Edificio Mercantil 2º andar) entrada por Rúa Don Gonzalo – 36002 – Pontevedra
Atención de oficina os mércores, xoves e venres de 21:00 a 22:00 h. Teléfono Oficina.- 609 713 646
Correo- e: escolaori@aromon.es Web: http://www.aromon.es

# Lugar e cómo chegar

**Valença do Minho (Zona secretaría):**

https://goo.gl/maps/7RHQu6DZ2JP2

**Tui (Zona secretaría):**

https://goo.gl/maps/arNEuGQxNJA2

# Inscricións

A inscrición na proba poderá realizarse cubrindo o seguinte formulario: https://aromon.es/inscripciones/eurocidade2019/

- Se tes algún problema na inscrición, ou consulta, ponte en contacto connosco: lachs@aromon.es
- **Existirá un límite de prazas: 400** (si se cubriran priorizarase por orde de inscrición, e crearíase unha lista de agarda)

**¡ En todos os casos o prazo de inscrición remata o xoves 10 de outubro ás 22:00 horas !**

# Prezos e formas de pago

| Tipo Inscrici· n | 1 Proba | 2 Probas |
|---|---|---|
| Soci@ do club Federado FEDO (AROMON) | **0ú** | **0ú** |
| Federad@ FEDO de 15 anos ou menos | **0ú** | **0ú** |
| Nen@s de 15 anos ou menos (non federad@s) | **2ú** | **3ú** |
| Soci@ do club NON federad@ FEDO | **4ú** | **6ú** |
| Federad@ FEDO non soci@ do club (>15 anos) | **8ú** | **14ú** |
| Non soci@ de 16 anos ou m§is | **6ú** | **10ú** |